

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6856 *Real decreto lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitarlles ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pagamento con empresas e autónomos.*

A evolución da situación económica e o seu impacto na economía española están a ocasionar atrasos no pagamento das obrigas contraídas polas entidades locais, co conseguinte efecto negativo sobre a liquidez das empresas, en especial as pequenas e medianas e os autónomos. Por outra parte, son coñecidas as dificultades actuais de acceso ao crédito que están dificultando, cando non imposibilitando, o desconto bancario deses créditos, sobre todo polas PEMES e os autónomos.

Isto aconsella a adopción de medidas urxentes, de carácter extraordinario, co fin de as entidades locais e as empresas e autónomos que contratan con aquelas poderen recuperar o equilibrio financeiro e orzamentario.

Este real decreto lei componse de dous títulos. O primeiro deles regula a autorización ás entidades locais que liquidasen o exercicio 2008 con remanente de tesouraría para gastos xerais negativo ou as que teñan obrigas vencidas e exixibles pendentes de aplicar ao orzamento, para concertar unha operación extraordinaria de endebedamento bancario, suxeita á necesidade de aprobar un plan de saneamento que asegure a capacidade de pagamento para cancelar a operación concertada no prazo comprometido, que non poderá ser superior a seis anos e coa condición de aplicar os recursos obtidos a pagar as obrigas pendentes con empresas e autónomos no prazo máximo dun mes.

Paralelamente a este real decreto lei, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos instruíu o Instituto de Crédito Oficial para a inmediata posta en funcionamento dunha liña de avais que garanta a falta de pagamento de facturas endosadas polas empresas e autónomos correspondentes a obras e servizos prestados a entidades locais, ante a urxente e extraordinaria necesidade de avalar o normal funcionamento das vías de desconto bancario dos devanditos dereitos de cobramento. O título II deste real decreto lei introduce a necesaria habilitación legal para que estas operacións autorizadas ao Instituto de Crédito Oficial para instrumentar liñas de crédito ou aval que lles faciliten liquidez ás empresas e aos autónomos poidan contar coa garantía da participación das entidades locais nos tributos do Estado.

Estas medidas van na liña das iniciativas parlamentarias recentemente adoptadas para resolver as dificultades de liquidez de PEMES e autónomos.

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como presupostos para a aprobación de reais decretos lei.

En virtude de todo iso, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2009,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Operación especial de endebedamento das entidades locais

Artigo 1. Ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación.

As entidades locais que liquidasen os seus orzamentos de 2008 con remanente de tesouraría negativo, tanto se se xerou este no propio exercicio como se procede da

acumulación de remanentes negativos de exercicios anteriores, ou teñan obrigas vencidas e exixibles pendentes de aplicar ao orzamento de 2008, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario, nas condicións que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2. Importe máximo de endebedamento.

Por cada entidade local, o importe máximo susceptible de financiamento estará constituído polo saldo negativo do remanente de tesouraría para gastos xerais de 2008, polo importe, de ser o caso, das obrigas vencidas e exixibles que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento, ou pola suma de ambos.

No suposto de que a operación de endebedamento se destine, total ou parcialmente, á cobertura de obrigas que quedaron pendentes de aplicar a orzamento, estas deberán recoñecerse na súa totalidade no orzamento vixente para 2009, con cargo ao importe que corresponda do total financiado.

Artigo 3. Requisitos para concertar a operación de endebedamento.

1. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento que, polo mesmo período de amortización daquela, conterà os compromisos anuais de ingresos e gastos correntes que, no ámbito da súa autonomía, adquira, estimados, os primeiros, tomando como referencia a liquidación de 2008, con criterios de prudencia de acordo coa capacidade real de xeración deles, e incrementados, os segundos, na amortización anual da operación de endebedamento regulada nesta norma e na do resto de operacións de endebedamento existentes con anterioridade, na forma estipulada nos seus respectivos contratos.

O plan incorporará, así mesmo, explicación detallada e cuantificada das medidas fiscais, de xestión e administrativas.

2. Con carácter previo á concertación desta operación, as entidades locais deberán remitir ao Ministerio de Economía e Facenda copia da liquidación dos seus orzamentos do ano 2008, co obxecto de dar cumprimento ao artigo 193.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 4. Prazo para concertar a operación de endebedamento.

O prazo para a concertación desta operación de endebedamento será de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Artigo 5. Prazo de amortización da operación de endebedamento.

1. O prazo de cancelación desta operación de endebedamento non poderá ser superior a seis anos, amortizarase polo método de anualidade constante e concertarase coa flexibilidade necesaria para poder efectuar cancelacións anticipadas, cando os resultados dos exercicios económicos durante o período de vixencia así o permitan.

2. A operación de endebedamento poderase concertar con un ou dous anos de carencia, sen superar o prazo máximo de seis anos, atendendo á situación económico-financiera da entidade local.

Artigo 6. Aprobación da operación de endebedamento: competencia.

A operación de endebedamento e o plan de saneamento someteranse á aprobación do pleno da corporación, co informe favorable da intervención da entidade local que se deberá pronunciar sobre o cumprimento dos requisitos exixidos por esta norma e a viabilidade razoada do plan de saneamento que se somete a aprobación.

Artigo 7. Obriga de comunicación da operación de endebedamento ao Ministerio de Economía e Facenda.

1. A operación de endebedamento regulado nesta norma non estará suxeita a autorización administrativa, ben que as características financeiras concertadas,

acompañadas dun resumo do plan de saneamento, deberán ser comunicadas, no prazo máximo dun mes contado desde a data da súa formalización, polos medios que se establecen no artigo 11, ao Ministerio de Economía e Facenda, quen, pola súa vez, dará traslado á comunidade autónoma correspondente no caso de que teña atribuída no seu estatuto de autonomía a tutela financeira das entidades locais do seu territorio.

2. O incumprimento da obriga anterior, no prazo fixado, determinará a nulidade do acordo adoptado polo pleno da corporación local e será condición resolutoria automática, por ministerio da lei e sen necesidade de exercer ningunha acción, da operación de endebedamento formalizada.

Artigo 8. *Aplicación do financiamento obtido.*

Nun prazo non superior a un mes, contado desde a formalización da operación de endebedamento, deberán quedar aplicados a totalidade dos recursos obtidos á cancelación das débedas con acredores causa desta operación de endebedamento.

A devandita cancelación será certificada polo tesoureiro da entidade local e comunicada polos medios que se establecen no artigo 11 desta norma, dentro do mes seguinte á finalización do prazo, ao Ministerio de Economía e Facenda, que dará traslado á comunidade autónoma correspondente no caso de que teña atribuída no seu estatuto de autonomía a tutela financeira das entidades locais do seu territorio.

Artigo 9. *Execución do plan de saneamento financeiro.*

1. O aforro que se puiden obter na liquidación dos orzamentos, en cada un dos anos de vixencia do plan, excluídos os ingresos afectados a unha finalidade concreta, poderase aplicar, parcial ou totalmente, á amortización anticipada da operación de endebedamento, reducindo así o prazo inicial de saneamento aprobado ou o importe da anualidade.

2. A xeración de remanente de tesouraría negativo para gastos xerais no período de saneamento comportará a prohibición de realizar investimentos novos no exercicio seguinte financiados con endebedamento, sexan estes materiais, inmateriais ou financeiros, directos, ou indirectos a través de subvencións concedidas a entidades dependentes.

3. O cumprimento anual do plan de saneamento, mentres dure a súa vixencia, será avaliado pola intervención da entidade local que remitirá informe antes do 31 de marzo do ano seguinte a aquel a que se refire a liquidación, logo de coñecemento do pleno da corporación e polos medios que se establecen no artigo 11, ao Ministerio de Economía e Facenda, quen, pola súa vez, dará traslado á comunidade autónoma correspondente que teña atribuída no seu estatuto de autonomía a tutela financeira das entidades locais do seu territorio.

Artigo 10. *Comunicacións dos órganos a que corresponde a tutela financeira.*

O órgano competente para o exercicio da tutela financeira das entidades locais porá en coñecemento do presidente da corporación local os incumprimentos de prazos en relación ás obrigas formais de comunicación e demais requisitos establecidos nesta norma, quen deberá trasladalos, pola súa vez, ao pleno da citada corporación na primeira sesión que se celebre e, en todo caso, antes do transcurso dun mes, e poderá así mesmo informar a entidade financeira do incumprimento do plan de saneamento.

Artigo 11. *Transmisión electrónica da información.*

1. A remisión da información a que se refiren os artigos 7, 8 e 9 desta norma efectuarase por transmisión electrónica nos modelos habilitados para tal fin, incorporando a sinatura electrónica do interventor, do tesoureiro ou do secretario xeral da entidade local, segundo proceda.

2. A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, do Ministerio de Economía e Facenda, procederá a ditar a

correspondente resolución establecendo o detalle da información necesaria e o procedemento telemático para a súa remisión. As comunidades autónomas a que corresponda a tutela financeira das entidades locais terán acceso automático á información recibida en relación con elas.

TÍTULO II

Garantía para as liñas de crédito ou aval do Instituto de Crédito Oficial para facilitar liquidez a empresas e autónomos que contratan con entidades locais

Artigo 12. *Aplicación prevista na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

1. Se, como consecuencia das liñas de crédito ou aval instruídas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos ao Instituto de Crédito Oficial para facilitarlles liquidez ás empresas e aos autónomos que teñan créditos coas entidades locais, estas últimas contraesen co Instituto de Crédito Oficial débedas firmes, impagadas no período voluntario fixado, o órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda efectuará ao seu favor as retencións que procedan con cargo ás ordes de pagamento que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado. Para iso aplicarase o réxime previsto para os acredores públicos na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. As citadas retencións practícaranse logo de solicitude do Instituto de Crédito Oficial en que se poña de manifesto que concorren nas débedas que as motivan os requisitos recollidos no punto anterior.

3. As garantías das liñas de crédito que, nos termos previstos neste artigo, se habiliten para dotar de liquidez as empresas e autónomos non poderán superar o 25 por cento da cantidade que, no exercicio 2009, corresponda a cada entidade local en concepto de entregas á conta da súa participación nos tributos do Estado.

Artigo 13. *Ámbito obxectivo de aplicación da retención a favor do Instituto de Crédito Oficial.*

O previsto no artigo anterior aplicarase a débedas firmes contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial exclusivamente durante o exercicio 2009, ben que as retencións que vai practicar o órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda se poderán estender, se for necesario, aos exercicios seguintes.

Disposición adicional única. *Non-asunción polo Estado de obrigas contraídas polas entidades locais.*

O Estado non asumirá nin responderá, en virtude do disposto neste real decreto lei, das obrigas contraídas polas entidades locais e dos entes vinculados ou dependentes daquelas, de conformidade co establecido pola disposición adicional única do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Relación do plan de saneamento e outras obrigas previstas no título I desta norma cos plans previstos na normativa reguladora das facendas locais e de estabilidade orzamentaria.*

Os plans de saneamento e as obrigas formais reguladas no título I desta norma deberanse elaborar, presentar e avaliar de forma independente dos restantes plans e obrigas previstos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no texto refundido da Lei xeral de

estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, que permanecen vixentes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de abril de 2009

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO